

Os de sexto xa estamos de volta ! . A que se nos botou en falta?

Foron catro días moi intensos nos que fixemos moitas cousas :

- Una viaxe longa, aínda que cas paradas e a ansia por chegar a Portugal, pasou nun momentíño (e como gañamos una hora co cambio horario...)

### **ESTANCIA NO PARQUE PENA AVENTURA**

- Instalámonos nas habitacións da casa da Colmeia, como mellor nos pareceu pois ao final ,fixéronse os grupos libremente.
- Xantamos e despois, minigolf, segway e, a actividade para toliños: salto negativo. Mellor que as familias non viran como saían despedidos e xiraban a tanta altura. As fotos son de impacto.
- A busca do tesouro de esa noite tívose que suspender porque chovía e, a alternativa foi estar todos e todas ás nosas anchas por todas as habitacións, ate que os augafestas dos profes mandaron parar ; xa pasaba de medianoite...
- O segundo día foi para a escalada, o percorrido polas alturas entre as árbores , tiro con arco e canoas polo río, pero como non ía moita calor non nos bañamos.
- Pola noite DISCOTECA no bar . Non daremos explicacións. Que guapos/as !!!!!
- O último día deixamos todo recollido na casa antes do pequeno almorço e fixemos logo slide (tirolina, pero non a longuísima) e tamén paintball en loita por equipos.
- Logo de xantar , saímos rumbo Porto. Unha hora e pico de bus.

### **PORTO**

- Repartir as habitacións non foi doado pois no hotel querían que estivésemos por todas as plantas. Ao final, repartímonos en tres e foi ben atinado.
- Paseamos a zona antiga da cidade cunha guía, Dora ( non a exploradora) e, parando na Torre dos Clérigos e na Livraría Lello.
- Tras a visita panorámica, cea no hotel, un ratiño de charla nas habitacións e, a durmir.
- Visita a Vila Nova de Gaia, ás Bodegas Croft, moi interesante.
- Paseo dunha hora en barco polo Douro. Merca de agasallos nas tendas da ribeira do río.
- Comemos no hotel e, despois ,estivemos unha hora no centro comercial Dolce Vita ao lado do estadio de fútbol para rematar as compras.
- ...e volta á casa! Aínda que moitos e moitas seguiríamos uns días máis .